




GUÍAS DE AXUDA DA
SEDE ELECTRÓNICA DA
XUNTA DE GALICIA

COMO CONFIGURAR ADOBE PDF EN FIREFOX




XUNTA
DE GALICIA


Para configurar Adobe PDF no navegador Firefox, o primeiro paso é acceder ás opcións do menú do navegador. Para isto prememos na icona situada no extremo superior dereito e no desplegable escollemos “Opcións”.



Feito isto, seleccionamos a icona "Aplicacións" para que se mostre o listado de formatos de aplicación recoñecidos polo navegador.



A continuación, inserimos no cadro superior o texto "PDF", para filtrar os resultados e comprobar se temos dispoñible a opción "Usar Adobe Acrobat (en Firefox)". En caso contrario, debemos seleccionalo no filtro de "Acción", para permitir que o formulario da presentación se abra con "Adobe Acrobat Reader (en Firefox)".



Finalizamos premendo no botón "Aceptar" para almacenar os cambios realizados.